

IRIMIA



REVISTA MENSUAL
DE CRENTE GALEGOS
ANO XXXIX
Nº 1019
De outubro a novembro
de 2020

Benia quen constrúe
a paz!



Comunidades en rede: parroquia global

O virus de cada verán



© (Fotografía: Sabela Souto/La Región)

O trasno

Daniel López Muñoz

Toxicidade terraplanista

Non é de gusto falar neste recanto de *Irimia* da chamada “Comunidade de Madrid”, pero toca.

Primeiro cómpre lembrar que a dita comunidade non ten sentido. É o resultado, por unha banda, daquel café para todos, deseñado para desactivar o impulso de autogoberno das nacionalidades históricas Galicia, Euskadi e Cataluña. E, pola outra, do feito de que Castela-A Mancha non quería a Madrid, polo desequilibrio interno que se lle crearía. Madrid cidade, logo, debería ser un distrito federal, un territorio capital, dependente do goberno central. E o Madrid provincia, parte de Castela. Iso sería máis coherente coa “indentidade de Madrid” que, de existir, é a dunha capital cosmopolita nutrida de culturas diversas, lugar de encontro de diferentes e capital dun estado plurinacional.

Aquela artificialidade constituída ten un custo. Cando se legisla en temas clave para o “estado das autonomías” trátase a Madrid como unha máis. E non tal. É un disparate comparar Madrid con Galicia ou Asturias. Un xogo tramposo porque o “efecto capital” e o “efecto sede”

–que non fai máis que agudizarse nas últimas décadas– tende a centralizar en Madrid gran parte de actividade económica estatal e alí “residen” os cuarteis xerais de grandes corporacións que explotan as materias primas, utilizan a man de obra e contaminan o medio ambiente galego, asturiano ou valenciano. Pero pagan os seus impostos na comunidade de Madrid.

Cando entran os conservadores como Gallardón, Aguirre, Cifuentes, Ayuso etc, no goberno de Madrid coa súa obsesión de “rebaixar” impostos, consúmase a trampa. E a trampa agora podería chamarse “paraíso fiscal de baixa intensidade”. As empresas encantadas de pagar os impostos en Madrid.

Pero todo ten un límite. Porque baixar impostos, unido a unha corrupción sistémica que está nos tribunais e nos xornais desde hai anos, leva inexorablemente a un deterioro da

sanidade, unha escola dual –pública para pobres e inmigrantes, concertada e privada para os madrileños de pro– e a unha segmentación da cidade en norte acomodado e sur esfarrapado.

Tamén leva a des-gobernos de terraplanistas e trumpistas como o da señora Ayuso, que apoia que a xente de Serrano se manifeste contra o confinamento e declara agora que a culpa a teñen os inmigrantes e o seu “estilo de vida”.

O curioso é que os que son coma ela se visten agora de antisistema, como Trump e Bolsonaro. Antes os antisistema eran os descamisados de esquerda e os hippies. Agora son os terraplanistas e os antivacinas. Mi madriña.



Unha das ideas recorrentes de Pepe Chao nos últimos tempos da súa vida era a de fomentar un novo tipo de comunidade de fe en Galicia, adaptada aos cambios no territorio e na poboación. Entre eses cambios salientaba o da profunda crise da parroquia tradicional, nos seus dous sentidos: como entidade de poboación que noutrora vertebrou todo o país e como referente espacial da comunidade de fe básica, nunha sociedade antes relixiosamente homoxénea e agora en plena transición ao pluralismo. Chao apuntaba a comarca como referencia. Falaba de proceso de transición, de abrir posibilidades. E de superar un esquema *parroquializante* absoluto no que, en xeral, sobrava clericalismo, control social e unha pertenza sociolóxica máis que persoal.

Esa nova comunidade tiña as comarcas galegas como referencia. Un dos nomes que el barallaba, a xeito de curiosidade, era o de “cristianías”. Pero con independencia de nomes e outras curiosidades, o asunto de fondo é a conexión entre aquela intuición e unha realidade que, xa antes pero sobre todo despois do COVID-19, estamos contemplando. Un panorama no que o modelo parroquial se esfarea sen aparente alternativa.

Curiosamente é o COVID-19, coas súas limitacións e confinamentos, o que está acelerando o proceso. E curiosamente, tamén, está posibilitando o nacemento de alternativas. E as alternativas serían agora máis diversas facendo un uso das tecnoloxías de comunicación e reunión na distancia, redes, aplicacións de vídeo conferencia etc.

As experiencias de celebración na rede, con ese apoio tecnolóxico, ao xeito das que se explicaron no seu momento na nosa revista (“Celebremos nos Tilos”) ou dos “Rumores de Romaxe” do pasado setembro son intentos que poden estar apuntando nesa dirección.

A parroquia pode seguir funcionando en certos sitios, noutros moitos decaeu e está literalmente extinta e noutros foi secuestrada por grupos ultra-católicos da época máis escura do rouquismo, que practican un sectarismo identitario en contra do *Mundo*, algo que nada ten que ver co cristianismo primixenio. A comunidade de fe pode celebrar e dar alento e identidade desde outra dimensión: identidade cristiá para estar no mundo con esperanzada e solidaria insubmisión e alento para un camiñar honesto “desde o berce até a cruz(e)”, como di o *noso pai* das romaxes. En realidade Irimia ten experiencia histórica niso: en recoller persoas dispersas e críticas cunha parroquialización ultraconservadora e darlles, desde outro nivel —e con outro alimento para a alma—, a posibilidade de que o Evanxeo siga a ser unha das claves das súas vidas.

COVID-19 está
acelerando o proceso
de esfarelado da
parroquia e, tamén,
posibilitando
alternativas

Unha cuestión de saúde pública

O individualismo radical e o lucro como motores principais da economía e da vida son valores cardinais do neoliberalismo rampante e dominante, especialmente desde a caída do muro de Berlín e o derrubamento do, probablemente ben chamado, capitalismo de Estado. Os contidos neoliberais fixéronse hexemónicos. A presunta eficiencia e eficacia do privado, o menosprezo do público, o predominio da especulación, a medra económica sen fin, o consumo sen límites, a consagración da desigualdade, como fenómeno natural irremediable e ata desexable, para estimular a competencia ou a redución ao mínimo dos poderes e competencias dos estados preséntanse como valores éticos e instrumentos políticos e económicos para a mellor gobernanza, para o exercicio das liberdades e dos dereitos dos individuos e incluso para xestionar a democracia.

Coa vara de medir histórica e política, o neoliberalismo dos Chicago Boys, apadriñados por Friedman e Harberger, tardou ben pouco en fracasar rotundamente ao non dar superado os problemas globais que pretendía resolver ou, tan sequera, embridar. O neoliberalismo só trouxo a catástrofe como resultado presente e futuro, micro e macro, privado e público, individual e colectivo. As crises globais de carácter económico, financeiro e social agudízanse e sucédense con frecuencia crecente, como as contraccións que preparan un parto.

Practicamente desde principios de século, o fracaso neoliberal vaise facen-

do máis patente para a opinión pública: non resolve nin atempera a crecente pobreza e precariedade, que converte o mundo nunha polvoreira que estala seguido. O modelo capitalista vixente, non só non encara o grave problema ecolóxico do planeta, senón que contribúe a agravalo e pon en perigo real a supervivencia da especie. Das crises cíclicas pásase, sen remedio, á crise permanente. Tampouco serven as estratexias neoliberais para afrontar minimamente a fonda desigualdade de xénero da sociedade patriarcal. Esa cadea de fracasos deixa en evidencia un sistema que está entrando en descomposición.

Isto viña sendo así desde principios de século, como dicía, pero o estoupido da pandemia global da covid-19 trouxo ao primeiro plano a perversidade radical das estratexias neoliberais e o valor insubstituíble, ético e político, do público, do colectivo e da solidariedade social; tamén a necesidade dos estados para a xestión cabal da cousa pública. A superación do neoliberalismo é xa unha cuestión de saúde pública.



Os fracasos do sistema neoliberal deixan en evidencia que está entrando en descomposición

A vaquiña polo que vale

Pedro Pedrouzo Devesa

IRMI

Miles de vivendas baleiras estériles agardan ser útiles

O confinamento fixo que a maior parte de nós repensase a súa vivenda. O campo recuperou terreo e a cidade perdeu encanto como espazo para habitar. E dentro das cidades, as vivendas grandes recuperaron o seu valor perdido. Necesitamos máis metros cadrados para poder vivir? Parece que si.

Realmente é inmenso o número de vivendas desocupadas nas nosas cidades e non resulta nada complicado atopar nelas edificios totalmente baleiros. E, por outro lado, o acceso á vivenda segue sendo un dos grandes problemas cos que se encontra a xente ao comezo da súa vida laboral.

De aí que xurda un problema que unicamente desde as Administracións se pode resolver: como poñer realmente no mercado toda esa bolsa de vivendas baleiras a prezos razoables e en boas condicións de habitabilidade?

Hai un punto de partida confuso e erróneo onde os propietarios coinciden: sobrevalorar as súas vivendas. A non necesidade de liquidez permite a moitas familias manter prezos excesivamente elevados en vivendas que en moitos casos xa cumpriron coa súa misión de vivenda familiar e que polo tanto, xa foron amortizadas en boa parte. As vivendas perden valor porque o uso desgástaas. Inchámoslles artificialmente ese valor e entón apartámolas temporalmente do mercado

impedindo o uso para o que foron concibidas: para vivir.

O solo ten demasiada repercusión na vida dos demais como para permitir que miles de vivendas pasen anos e anos sen habitar agardando por un comprador que poida pagar as cifras que se piden (grazas a hipotecas que duran, no mellor dos casos, trinta anos).

As vivendas non se construíron como investimento nin como fondo de valor. Inchando artificialmente o seu prezo, dificultando o acceso a elas, deixámolas, en gran parte, baleiras e estériles.

Difícil, pero non imposible, recuperar vivendas para as familias a prezos que non hipotequen as súas vidas.



Hai que recuperar as vivendas para as familias a prezos que non hipotequen as súas vidas.

O peto do santo Antón

Rubén Aramburu



Pouco antes da IV Romaxe no 1981, o arcebispo Suquía convocou a D. Jesús Acuña, cura de Lourizán, ao despacho. D. Jesús foi tranquilo pensando que sería por temas parroquiais. Non ben entrou e Suquía zoupoulle un folleto berrando: “*Esto que es?*” Era o folleto coa liturxia da Romaxe no Lago de Castiñeiras. Botoulle unha rifa tremenda. Acuña, que tiña un carácter doente, non apoucou: “*Alto aí! Oiga, no me riña que no estoy en el seminario ni usted es mi padre... Sólo tiene que insinuar que me marche y no hay problema..., pero no se le ocurra reñirme?*” Suquía, que non agardaba tal reacción, comezou a encoller na cadeora arcebispal: “*Bueno, hombre..., no te pongas así..., no es para tanto...*” D. Jesús foi sempre así, con xenio ergueu a voz contra calquera inxustiza e non casaba con ninguén. Recordo un concelleiro do Bloque en Pontevedra que me falou un día sobre Acuña: “*Dille que non nos rife tanto!*” Houbo Romaxe, pero sen misa: *Chamados na lagoa*. Un días, antes baleiraron a lagoa e os irimegos atoparon un estraño burato.



Botou D. Jesús 40 anos na parroquia de Lourizán e nos Praceres, que el chamaba o triángulo das Bermudas: “*Todo o que pasa por aí voando cae aquí: a celulosa, a depuradora, o escalextri, o tren...*” Implicouse en todas as loitas veciñais e no ano da *intifada* fixo repicar as campás a alarma gañando unha bronca de Fraga: A culpa é do cura, que tocou as campás como cando os berberiscos arrasaron Cangas. A xente preguntaba que lle pasaba a Fraga cos *berberichos*. A violencia policial mandou moita xente ao hospital. D. Jesús e os de Praceres non perderon unha Romaxe. Este ano non houbo Romaxe e Jesús Acuña marchou no mes de xullo para esa outra gran Romaxe na casa de Deus. Foi un home de fe fonda, intelixente e tamén enérxico, ás veces difícil, pero sempre bo e xeneroso. Puido *facer carreira* pero creo que foi feliz coa súa xente de Lourizán. A liturxia do pobo expresouno en aplausos e bágoas no seu enterro, como nunha romaxe. Chamado pola lagoa vai D. Xesús remar noutras augas e desta vez a lagoa ha estar ben chea, bo amigo.

O CARRABOXO por XOSÉ LEIS



O peto común

Teresa Souto Loira



IRMI

Rematado o estado de alarma, tamén remataron as medidas puntuais e temporais que se aplicaron, como a paralización dos procedementos xudiciais de desafiuzamento. Rematou esa paralización e comezaron a chegar resolucións, datas de xuízos e datas de lanzamentos. Produce certa vertixe cando chegan varias resolucións á vez; como emerxencia que é, debemos tentar mobilizar todos os recursos posibles e de forma inmediata (imediatez que a burocracia administrativa enlentece). Hai familias que nunca estiveran en servizos sociais, outras que xa eran persoas usuarias, familias con débedas de moitos meses e outras con pouca débeda, pero si co desexo do dono/a de que abandonen o piso. E comeza un camiño case que imposible de busca dunha nova vivenda. Os prezos no mercado inmobiliario nas grandes cidades de Galicia están polas nubes; e se precisamos contrato, o prezo aínda sobe. En moitas ocasións supera o 50 % do que percibe unha persoa soa de renda de inserción social de Galicia, RISGA ou de subsidio por desemprego. Así é que en Galicia temos familias de 3 e 4 membros residindo nunha habitación. Entón, cando pensamos en persoas sen fogar, pensamos só nas que dormen

na rúa? Ou quizás sen fogar, tamén son as persoas que pasan a noite en albergues, as que residen en infravivendas, choupanas e chabolas, as que residen 3 ou 4 nunha soa habitación, as familias que teñen que xuntarse con outras familias para entre 9 persoas poderen alugar un piso de 60 metros cadrados... Necesítanse medidas e recursos de vivenda social que lles permitan ás persoas e ás familias pagar pola vivenda, pero que despois de pagar a mensualidade, poidan dispoñer de ingresos para a cobertura das necesidades básicas, é dicir, un prezo de vivenda razoable e acorde cos ingresos das familias e persoas.

Se non temos fogar, podemos atender o resto das necesidades? Necesidade básicas, necesidades educativas, necesidades de afecto e apego, necesidades de saúde física e mental...?



Rumores de esperanza

Xan Guillén

Pois volvemos á loita. Neste caso a loita non é coma todos os anos. Este ano volvemos ao curso cun inimigo co que levamos desde marzo. A COVID volveu, aínda que nunca marchou. E desta volta hai que loitar tamén desde a escola.

Como sabedes, as autoridades educativas estiveron dándolle voltas ao tema das condicións para volver ás aulas e estiveron que volta que dálle. Primeiro que se comezamos dun xeito, logo doutro... e así toleando a toda a comunidade educativa. Explicar todo o que pasou e a cantidade de ordes e contra ordes que levaron á desorde daría para unha novela de moitos capítulos.

E como se está a solucionar o asunto? Pois coa boa vontade da xente que traballa e fai do seu traballo unha vocación cara aos demais. Os equipos directivos colleron de metro e mediron e volveron medir as aulas coma no mito de Sísifo. Protestaron e criticaron nos medios e os medios criticáronos. Neste impaís todo se soluciona co bo facer da xente de abaixo que saca adiante os problemas que xeran os de arriba e que logo




farán a súa homenaxe. Entristece como se tratou este tema nos medios galegos e debemos loar mil veces o traballo da boa xente de educación que se arremangou para que non decaía o dereito á educación. Quen solucionará o “marrón” no que estamos metidos? Mestres, sanitarias, limpadores, científicas... Beizóns para todos e todas.

ADEGAS DA MEMORIA

é un proxecto audiovisual do Concello da Pobra do Brollón e a Asociación de Veciños de Vilachá que quere dar voz a esta comunidade tradicional da Ribeira Sacra e ofrecer un estudo científico sobre o territorio e as súas orixes. Trátase dunha serie de catro capítulos emitidos en Internet, a través da plataforma Vimeo, na que queren expresar a loita contra a súa desaparición, a turistificación e a intención de quedar só nunha marca, baleirada de contido cultural e humano.



Familiares, amizades, persoas e colectivos solidarios convocaron en setembro unha marcha á prisión da Lama co lema: “Covid, prisión e falta de medios: dobre condena”. O obxectivo é denunciar a situación creada coa covid e demandar solucións á vulneración de dereitos das **PERSOAS PRESAS**, como a supresión de visitas, das progresións de grao, os confinamentos e a falta de persoal sanitario. Propoñen a excarceración de persoas vulnerables, mulleres e crianzas e de persoas con enfermidades mentais.



O PAZO DE MEIRÁS non é propiedade dos Franco, segundo a sentenza ditada por un xulgado de primeira instancia da Coruña, o que obriga á súa devolución ao Estado sen dereito a indemnización polos gastos de mantemento alegados pola familia. A maxistrada expón que houbo unha doazón fraudulenta cunha simulación posterior, xa que a doazón fíxoselle a Franco como Xefe do Estado, non en atención á súa persoa, inscribíndoa este con posterioridade como propia.

As **AULAS VIRTUAIS** son un problema para moitas nenas e nenos pola insuficiencia de recursos de moitas familias. Esta situación agrávase moito máis en América latina e outras partes do mundo, sobre todo en zonas rurais e con pouca ou nula conectividade. Nalgúns casos, os mestres comezaron a repartir guías de traballo porta por porta ou comunícanse por teléfono, pero hai zonas nas que pola alta incidencia da covid-19 mesmo se perdeu o contacto e miles de escolas pecharon.



Asina!

Por unha canle
Xabarín Club
24 horas na TVG



A MESA POA NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA #XabarínClub

A Mesa pola Normalización Lingüística presenta nestas datas unha proposición popular no Parlamento galego para que a **TVG** ofrezca unha canle Xabarín Club infantil e xuvenil “con programación atractiva, actual, educativa e de produción galega”. A ela súmase a campaña emprendida por @tvg_infantil_xa, que nos seus catro primeiros días nas redes acadou 8 000 apoios para conseguir que aumente a oferta da canle pública na nosa lingua. A proposta tamén inclúe unha app con programas e xogos.

As **PERSOAS CON XORDEIRA** engaden ás barreiras habituais que teñen para comunicarse a de non poder ler os beizos das persoas coas que interactúan. En Euskadi están a deseñar unha máscara transparente que poida ser homologada, mais iso só axudaría a atender unha necesidade puntual, xa que a lectura labial tampouco é unha habilidade ao alcance de todas elas. As persoas con xordeira seguen a insistir na importancia que para elas tivo desde sempre a accesibilidade e a comunicación.



Mentres esa canle infantil e xuvenil pública non chega, podemos asomarnos a **OS ARQUIVOS DA MEIGA** (www.osarquivosdameiga.com), que é un foro de Internet no que, sen fins lucrativos, compilan e difunden obras audiovisuais en galego. Alí atoparemos enlaces a series, películas, documentais, animación e programas de televisión en galego.

Os Arquivos da Meiga



A MEMORIA DAS MULLERES é un fondo documental, gráfico e audiovisual da historia das mulleres en Pontevedra, creado de xeito colectivo e cooperativo. Este programa acaba de presentar o libro *A vida incerta. Biografía de Virxinia Pereira*, de Montse Fajardo, no que se recolle a vida dunha muller comprometida con Galicia, antifascista, defensora da democracia e da nosa lingua; unha vida moi rica que vai moito máis alá do feito de ser coñecida como a compañeira de Castelao.

Educación pandémica: desafío, cambio e improvisación

Desde a primavera está a educación patas arriba pola COVID-19. Sería de esperar un enorme esforzo colectivo, de autoridades e docentes, de ANPAS e sindicatos, de expertos e universidades, para revisar e reorganizar este servizo público fundamental. Non obstante, chegou o comezo de curso e unha desmoralizante sensación de improvisación invade todo o universo educativo. Evidentemente a transición a unha educación mixta, presencial e telemática é complexa. Non é só cuestión de medios técnicos, tanto nas familias coma nos centros. Cómpre planificar con antelación, e formar o profesorado -así como vontade e esforzo de prepararse-; cómpre negociar con paciencia criterios e protocolos e tamén unha boa capacidade comunicativa e “pedagóxica”. Preguntamos opinión e sensacións a catro voces activas no ensino en Galicia.

Un curso duro e complicado

Arrancar este curso de infantil para tres anos é duro e complicado. Primeiramente debes deixar á parte a túa metodoloxía de traballo cooperativo, debes cortarlle ao alumnado a libre circulación polos espazos para pautarlllo e mantelos sentados, impedindo que se xunten... En resumo, educar en contra dos principios metodolóxicos da educación infantil. A distancia de seguridade non se pode manter debido ao pouco espazo das aulas e hai que desinfectar continuamente todo o material que usan.

Os baños están fóra das aulas: no meu caso, catro inodoros para compartir 37 alumnos e alumnas (dúas clases de tres anos) que apenas controlan esfínteres. Ademais, só pode entrar un no baño e a outra debe agardar, pero a mestra debe seguir na aula co resto do grupo: co grupo completo é inviable. Por se fose pouco, as familias teñen que vir cambialos nese baño compartido e, mentres, non pode ir outra crianza ao baño. Farían falta dúas persoas na aula para poder funcionar e garantir a seguridade e a hixiene porque, ademais, hai que ensinalles a lavar as mans —e deben facelo cinco veces na mañá—. Suprimir as especialidades (Educación física, Música, Inglés, Relixión) axudaría a garantir os grupos burbulla e facilitaría que estivesen permanentemente dúas persoas na aula para facer o traballo eficazmente. O dito: un curso duro e complicado.



Mónica Fernández
Mestra de Educación infantil no CEIP Fontiñas

E no ensino concertado...

Ao meu modo de ver, a xestión non puido ser peor. Ninguén sabía este verán que plan de actuación tiña preparado a Consellería e inclínome a pensar, polas ordes e contraordes, mudanzas e remudanzas, que non había plan de actuación. Ou máis ben, case podemos falar de Plan Sorpresa baseado en 0 financiación en un 10 de improvisación.

E no ensino concertado..., a velas vir. Coma sempre, caladiños e agardando que nos manden. E os que nos mandan, caladiños coa Administración e coidando ben dos cartiños, que non hai.

As medidas que se están a tomar non son suficientes. Comezando porque incumpren moitas das advertencias e recomendacións feitas pola OMS e polos expertos sanitarios para paliar o contaxio. En primeiro lugar, seguimos a ter aulas masificadas con grupos moi numerosos e unha *ratio* moi elevada, incluso para momentos anteriores á pandemia do COVID-19. En segundo lugar, a maioría dos centros educativos non contan cos recursos, instalacións e persoal necesarios para acometer os cambios precisos.

Nesta situación vexo o curso con moita incerteza. Non empezamos e xa está habendo baixas e peches por gromos en escolas. Agárdanos un curso convulso, no que teremos, no mellor dos casos, que confinarnos por grupos ou por aulas.



Anxos Cánive
Profesora da ESO no CPR Plurilingüe Nosa Señora dos Remedios

Un curso cheo de incertezas

A xestión deste curso comezou xa no mes de xullo, estando pendente da (des) información para prever parte deste curso.

O máis complicado foi o protocolo “adaptado” ao noso centro, que nos impuxeron os que se pasaban a bóla. A partir de aquí: conseguir material sanitario, readaptación organizativa do centro a todos os niveis, horarios, espazos, re-reprogramacións, “(auto)formación”, reunións coas familias, equipo e aula COVID; pero o gran problema, coma sempre, é: sen mestres e sen cartos.

As medidas adoptadas están a ser as xustas para que se poida dar algo de clase: entrada e saída graduada, separación, uso da máscara, limpeza e desinfección... só é a punta do iceberg. O máis difícil: hora do recreo e Educación Infantil e especialidades.

A previsión para este curso, vendo o que está a ocorrer en toda a nosa comunidade, non é moi esperanzadora. Por moito protocolo, por moita supervisión e coidado, fóra cadaquén é dono da súa vida.

Pre vemos moitas dores inventadas, familias nerviosas, mestres exercendo de todo menos de mestres, centros de saúde desbordados e, sobre todo, unha incerteza do que nos pode agardar.

Juan Luis Laguarda
Xefe de estudos nun centro público do Salnés



Recortes e voluntarismo

O curso escolar 2020-2021 comeza nun contexto até o de agora inédito para os membros da comunidade educativa. E as e os que a ela pertencemos imos afrontar unha serie de circunstancias que van pór a proba a suficiencia (ou non) de recursos tanto materiais coma humanos cos que de partida imos contar para tal fin.

Se cadra cómpre dicir, en descargo das autoridades que deben velar polo mellor funcionamento posible do curso, que a situación é inédita e sen experiencias previas das que poder aprender ou tomar nota. Pero non é menos certo que neste contexto podemos rematar por lamentar –e moito– os continuos recortes, humanos e materiais, que a educación pública veu sufrindo ao longo dos últimos anos. Aulas masificadas ou redución do profesorado, por moito que se quixese contratar a última hora, van obrigar a facer auténticos milagres en non poucos casos. Por non falarmos dos propios recortes en sanidade, que poden dificultar o obxectivo de que se poida contar cun profesional designado a cada centro para dar a debida atención ao xurdimento de gromos do maldito virus.

Está por ver como sairemos desta. Pero coma tantas veces no mundo do ensino, intúo que se saímos ben, será polo voluntarismo de tantos e tantos membros das comunidades educativa e neste caso tamén sanitaria dispostos a botar horas que sobrepasen de longo o seu horario de traballo e mesmo as súas funcións. Porque os protocolos están moi ben, pero... só non botan a andar.

Ramón Latas
Profesor do IES Antón Fraguas



2020. Crónica da Romaxe que non foi “Pegadas de Esperanza”



Desde Lugo, apertas grandes a todos por esta magnífica celebración nunca perdamos o noso espírito de loita e os nosos ideais.

A decisión de non convocar unha Romaxe como a doutros anos –aberta, comunal, festeira, numerosa– foi unha decisión necesaria e responsable da directiva de Irimia. Tamén foi unha decisión conscientemente solidaria: era demasiado o esforzo do persoal sanitario, a dor das familias polos seus maiores en residencias, a ruína de pequenas empresas e o paro e a precariedade da clase traballadora. Por iso argallouse algo diferente e, tamén, innovador.

Rumores de Romaxe

A cuestión e o debate estivo aí. Non se debe facer Romaxe, por esa solidariedade responsable, pero xurdía unha pregunta: debemos contribuír a unha especie de esmorecemento, de *morte doce* do comunitario, do alternativo..., moi en liña, por certo, coa dereitización que se está a dar a nivel mundial? Non hai nada que facer alternativo fronte a ese decaer dos encontros, da aberta, das festas parroquiais, da despedida aos defuntos, do símbolo e a sacramentalidade comunitaria, das mesas abertas e compartidas? Apuntámonos, sen máis, a engordar o individualismo, o illamento e a inco-municación?

O resultado foron eses *Rumores de Romaxe*. Unha mensaxe: paramos porque hai que parar, porque non podemos poñer en risco os vulnerables, pero seguimos en marcha. Non hai Romaxe, pero podemos enviar este rumor certo: haberá Romaxes. Volverá a haber lume porque mantemos vivo o remol.

Pois iso: En tempos atípicos, respostas extraordinarias.

A distancia, en conexión; na distancia, a proximidade

Como resultado destas reflexións e decisións, a preparación deses Rumores de Romaxe foron tomando corpo de celebración en liña, valéndose das posibilidades que ofrecen os teléfonos móbiles e a conexión en rede. Para isto foi decisiva a achega e o esforzo de Marisa Vidal, que achegou a experiencia previa de celebración a través de WhatsApp, organizada durante o confinamento desde a parroquia dos Tilos, no concello de Teo, e que xuntou en liña xente de toda Galicia para seguir e participar nunha celebración da misa dominical a través deses rede social.

Preparouse un texto que se puxo ao dispor dos socios e subscritores de *Irimia* e de quen quixer a través da páxina web. Unha parte do guión seguíase localmente e isto combinábase con conexións e interaccións a través dos móbiles noutros momentos. Tamén había audios para compartir, como os que achegaron Mero Iglesias e Francisco do Romualdo.

O tempo acompañou, como está mandado, e o caso que, ademais do acto levado a cabo na horta do mosteiro de Bergondo –desde o que cantou en vivo Bea de Estrella, con estrea dalgún tema incluída–, uníronse en rede pequenos grupos dos máis diversos sitios

Tocoume estar só, pero moi ben acompañado por Deus e por vós, con tantas boas e xenerosos.

Desde unha fermosa aldea coma cada recuncho do noso país rural (entre terras do Incio e Sarria) mándovos os meus parabéns por este tan sinxelo como entrañable e creativo evento. Está sendo para min a oportunidade especial dun gran descubrimento, da nosa capacidade para sobrepoñernos e da grandeza que nos une.

de Galicia e mesmo máis aló de Pedrafita e o Padornelo. Así, polo menos, uniuse xente desde Santiago (Bonaval e Castiñeiriño), Vigo, Pontevedra, Porto do Son (Xuño), Ferrol, A Coruña, Salamanca, Madrid, Barcelona, Murgardos, Perillo, Cospeito, Fonteculler, Oleiros, Monforte, Lugo e o Lago de Castiñeiras.

Un itinerario: da acollida da dor á celebración da Vida e da Esperanza

Nesta atípica celebración da *non Romaxe* partiuse da realidade, acolleuse a dor da realidade. Unha parte desa dor expresouse con palabras de Carvalho Calero —a homenaxe agardada deste ano, truncada pola pandemia—:

*Houbo,
houbo un tempo,
no que cantaban os paxaros
e as rosas florecían ás beiras dos camiños...
...cando existía a arage, e a pomba, e a mar e a arela...*

Coa canción de Mero Iglesias:

*Xa ninguén celebra a vida
e dámonos menos bicos
menos aloumiños tenros,
menos abrazos sentidos.*

E coa achega de Manolo Regal:

*Outra vez a xente humilde
apandando coa misería
sen que aos grandes se lle arrime?
Que vai ser da convivencia
cando os cantos de serea
incentiven a violencia?*

RUMORES DE ROMAXE 2020



Asociación Irimia
www.irimia.gal



Sábado 12 setembro
de 11:45 a 13:30 h

Mosteiro de Bergondo
(anótate no 626774809)

E súmanse celebracións
a través de what'sapp en

Vigo
Santiago
Pontevedra
Ferrol
Lugo
Porto do Son
O Incio
Salamanca
Madrid
Barcelona

.....
(anótate no 676180127)

PEGADAS DE ESPERANZA

Nun segundo momento explorouse a pegada —por veces imperceptible— da esperanza, e celebrouse a vida que reacciona nas solidariedades, nos coidados, no avance da conciencia do colectivo, no ben común. Acolleuse a palabra do evanxeo e cantamos con Bea de Estrella:

*Camiños de fe,
camiños por percorrer
sumando camiños
atopándome contigo*

...

*Historias de vida, agasallos do corazón
atoparme en ti, na pegada esquecida
na ilusión vencida,
prendendo unha luz.*



Desde Vigo queremos expresar que despois desta crise queremos coller impulso para seguir adiante. Salientamos a mensaxe de amor dos que se sacrificaron polos demais. Cremos que dos males sempre se sacan bens. Fronte ao medo, a esperanza. Felicitacións das 26 persoas que nos xuntamos, resultou moi ben.

O noso taboleiro

Coloquios na Encrucillada Unha nova proposta de reflexión e formación



**Coloquios
na
Encrucillada**

A BIBLIA

Xeración e escritos do Antigo Testamento
Marta García Fernández, U.P.Comillas
O Novo Testamento, xeración e escritos
Carmén Bernabé Ubieta, U Deusto
Hermenéutica, como ler a Biblia hoxe
Andrés Torres Queiruga, ITC, USC

Forma un grupo, reflexionade cos textos e partillade cos relatores as vosas conclusións.

Máis info en:
revistaencrucillada@gmail.com

A pandemia fai inviable a realización do **Foro Encrucillada**, que este ano 2020 dedicámos á Biblia. Para non perder a oportunidade que o Foro brinda de reflexión e formación, buscamos unha alternativa que non obrigue á presencialidade. Así lanzamos unha nova proposta a todas as xentes que queiran participar:

os Coloquios na Encrucillada

Temos tres artigos magníficos para isto:

1. *Como nace a Biblia, xeración e escritos do Antigo Testamento*, por **Marta García Fernández**, profesora adxunta da Facultade de Teoloxía da Universidade Pontificia de Comillas
2. *O Novo Testamento, xeración e escritos*, por **Carmen Bernabé Ubieta**, profesora Titular de Cristoloxía fundamental, Sagrada Escritura e Escritos Xoánicos na Universidade de Deusto.
3. *Hermenéutica, como ler a Biblia hoxe*, por **Andrés Torres Queiruga**, profesor emérito de Teoloxía Fundamental no ITC e de Filosofía da Relixión na USC.

Os textos están preparados para facer traballo de grupo ou individual e publicarémolos na Revista *Encrucillada* 220 (novembro 2020). Animamos a todas as persoas e grupos que queiran afondar na lectura actual da Biblia a que lean, reflexionen e poñan en común achados e dúbidas.

En febreiro de 2021 convocaremos en tres días diferentes a posta en común de cada unha das tres partes coa autora/autor do texto, ben de forma presencial, ben telemática.

Queremos revitalizar os grupos de oración, reflexión, encontro que, coa pandemia, perderon actividade!!

Animámosvos, pois, a participar nesta nova forma de traballar!!

Formade un grupo, grande ou pequeno, e contactade con nós!!

NOTA: Este traballo está aberto a todas as persoas que queiran participar. Non é necesario estar suscrito a *Encrucillada*, abonda con escribir a revistaencrucillada@gmail.com.

As amigas de Exeria

De todas é coñecida Exeria, a peregrina galega que viaxou a Terra Santa entre os anos 382 e 385 e escribiu un *Itinerario* da súa viaxe, pero pouco se fala das amigas de Exeria: as mulleres que a alentaban na distancia, as “donas e irmás” ás que Exeria dedica o seu escrito.

Non sabemos cantas eran, pero si que preparaban a viaxe con ela, dirixíndoa aos lugares que coñecían das súas lecturas: as Sagradas Escrituras, as Actas de Santa Tegra, o Evanxeo de Tomé, algunhas actas de mártires, as cartas de Abgar a Xesús... Por iso Exeria busca a Estela da muller de Lot, as tumbas de Tomé, Xoán, Eufemia, Elpidio ou Tegra... A súa insistencia por ver e describir lugares concretos converte a súa viaxe non só nunha peregrinación, senón nun proxecto de investigación colectiva.

Exeria ten un percorrido trazado, feito coas compañeiras antes de saír, e recolle con esmero todo o que para elas poida resultar interesante. Detense de xeito especial en Xerusalén, onde para case un ano recollendo para as súas amigas os oficios litúrxicos das acabadas de construír Anastase e Igrexa Maior (“Para que a vosa caridade saiba que oficios litúrxicos teñen lugar cada día nos Santos Lugares, debo darvos información porque sei que teredes moito gusto en coñecelos”).

É curioso como presenta as súas amigas á “santa e diaconisa Martha-na”, muller que atopa na viaxe e que rexenta unha comunidade de mulleres (*apotactitas*) en Xerusalén, pero non recolle o nome do bispo da cidade, que lle describe as celebracións... Será que para Exeria a amizade é un valor máis importante que o cargo.



Invocar as súas amigas fai que Exeria non perda a forza e a ilusión. Séntese arroupada por elas. Vese moito amor e coidado sostendo esta viaxeira, que se move con humildade e habilidade por terras descoñecidas. E tamén moito amor e coidado nas descrições que fai Exeria para elas. Sen as súas amigas, Exeria non podería existir.

Isto rompe o mito patriarcal e capitalista dos homes destemidos que se lanzan en solitario a aventuras e conquistas. Exeria e as súas amigas desmontan o individualismo: as persoas construímonos en comunidade, co apoio e o coidado das outras.

**Invocar as súas
amigas fai que Exeria
non perda a forza e
a ilusión. Séntese
arroupada por elas.**

Pingas de orballo

Baldomero Iglesias Dobarrio (Mero)

Cen anos de Isaac Díaz Pardo (Compostela, 1920)



Acomodándolle o nó da garabata

As persoas que tivemos a sorte de atopalo no camiño, de ter oportunidade de coñecelo en distintas andainas, sabemos que esas vivencias compartidas forman parte da nosa fortuna. As máis antigas van dar a Sargadelos, lugar furtado para todos nós e sobre todo para el, pois era o eido onde se movía en liberdade, resistente en dignidade e coa cultura de país, desde as primeiras horas do día. Era o medio do seu mundo, entre formas e soños, no rigor. Momentos subvertidos nas escasas liberdades dos setenta e moitos, cando organizaba actividades e concertos no Salón de actos, onde dinamizaba como director ao ser o primeiro en abrir pola mañá, moi cedo ou de pechar cando o corpo llo pedía, normalmente tamén cedo, aínda que despois de marchar toda a xente e calzando o seu porte coma un operario máis. Lembro un concerto con Fuxan os Ventos nos anos oitenta, un concerto marabillado en amenceres e esperanzas.

Eu aproveitaba calquera coincidencia doutras viaxes para ir velo. Avisábao e xantabamos no comedor da fábrica. Falaba con sosego e calma, voz prudente, tentando non influír nos

pensamentos acelerados e cheos de urxencias nos que -na efervescencia xuvenil- andaba eu instalado. Non interrompía, deixaba a súa idea por se puidese servir de guía ou razón no medio de palabras de ton prudente. Na sobremesa saían temas do exilio, da galeguidade de fóra e dentro do país, daqueles temas espiñentos, memorias e segredos, traizóns e medos, mentiras, moitas mentiras. Isaac, sempre ponderado, quitáballe ferro aos nosos dramas, falaba de xente que eu non ousaba senón descubrir en respecto e admiración: Castela, Bóveda, Seoane, o seu pai, facéndose responsable da súa morte. Viñan por el, non polo seu pai!

Falaba de moitas cousas, todas elas leccións de vida e da historia recente. Ofreceume a súa biblioteca, a fotocopiadora, as cartas e textos orixinais de tanto pasado silenciado, nunca pedía nada senón que comprenderamos as razóns que nos trouxeran a onde estábamos. Máis tarde entusiasmouse co novo grupo "A Quenlla" e quixo vernos cantar alí. Concerto no que cantamos poemas que el tanto gustaba saborear,

As vivencias
compartidas con
Isaac forman parte
da nosa fortuna

Lorenzo Varela “A Rui Xordo” (Aramos sobre os mortos nesta terra, e o noso pan ten un sabor de ósos familiares e irmáns) e o de “As ratas” de Seoane. Os mesmos que el me indicara, anos antes, pregando a folla en cada libro e querendo indicar como destacados por riba dos outros, discretamente sinalados cando me agasallou versos dos seus amigos desaparecidos. Gustou das cantigas, a das Ratas que levaba unha adaptación de Manuel María -na letra orixinal- para poder musicala máis doadamente. Fíxoo rir e mesmo sentir un certo estado satisfeito naquilo de “pois en Galiza loitan e a guerra dura séculos, os homes contra as ratas e vencen sempre as ratas”. Noutra ocasión falou dos versos inesquecibles -xa

por sempre- de Luís Pimentel, aqueles versos de “Cunetas”, que eran o espello fiel do que representaran aqueles tempos enfiados en sangue. Despois de moito esforzo pola súa irregularidade e o forte contido, tamén foron musicados e gravados. Aínda hoxe me conturban aquelas verbas. Lembro os seus ollos agradecidos, sen palabras.

Escoitaba a música e, eu penso, mentres a sentía regresaba, visualizando horrores. Vía as imaxes que ían caendo no pano interior das súas entrañas, o terror que coñecía tan ben e mesmo presenciara cando as bandeiras pingaban anilina.

Cadramos en moitos sitios máis, no Castro en Sada, nas visitas periódicas co meu alumnado, na homenaxe a Laxeiro en Lalín, en Saá de Palas de Rei nos actos da memoria onde mataron ao seu pai e a Guerín, nas homenaxes a Lorenzo Varela en Monterroso, nos conciliábulos con Ismael González, o cineasta mundial do Carballiño, con Alonso Montero, con Avelino Muleiro ou Avelino Pousa Antelo, Maruxa Seoane, Antía, Gustavo Valencia, Anisia e Pepe Neira, Moncho Fandiño, etc. As súas amizades viñeron sendo tamén as miñas. Tiven a sorte de acudir a moitos encontros e falar sen máis testemuña que a palabra e o pensar. Actos de memoria, que el asumía con enteira e con aquela ollada evasiva, para non emocionarse, e viraba dando voltas para evitar descubrir tanta dor que lle habitaba. Foi culpable de que coñecese a Anisia Miranda e a Pepe Neira na distancia, aínda en Cuba. Nuns correos periódicos de novas e de afirmación. Quería que musicáramos os seus versos, moitos aínda están pendentes, aínda que xa viron luz algúns: *Memorias dun neno labrego, Ai Amor, Corre, corre, meu cabalo, O ferreiro...* e tamén fixemos con eles boa amizade.

Por riba de todas as moitas calidades que tiña e que reconfortan, gardo unha especialmente que só teñen contadas persoas. Pode parecer pequena, aínda que é enorme, porque Isaac tiña unha cabeza que non paraba de fabricar ideas, boas e enxeñosas lindes

Non interrompía,
deixaba a súa idea por
se puidese servir de
guía ou razón no medio
de palabras de ton
prudente.

ISAAC
DIAZ 1920
2020
PARDO



Pingas de orballo

Cen anos de Isaac Díaz Pardo
(Compostela, 1920)

polas que crear arte, beleza e conciencia de País. E tiña un gran corazón, por iso tiña ese don de facerse culpable dos erros, aínda alleos. Sempre se facía responsable de calquera cousa que non funcionase debidamente, era erro exclusivo del. Pero -e este é o reverso sublime daquela calidade- o que realmente o facía grande era cando algo saía ben, entón o mérito do éxito sempre era doutras persoas. Agachábase oportunamente para non ser visto e escapar do plano principal, do aplauso. Tamén tiña ao seu lado, resolvéndolle moitos problemas, unha muller que aguantou mares e mareiras, Mimina ou Carmen Arias, que cunha paciencia infinita e digna de ocupar altares aguantou as cousas do Isaac despistado, deixado, desordenado, alleo de “domésticos labores” e moi esquecido deles. Cousas do máis esencial, coma aquela chaqueta azul e vella que poñía para traballar e que pensaba só tiña unha. Menos mal que estaba ela, e íallas mudando sen que el se dese conta. Tanto facía no seu mundo que non vía aló dos tantos proxectos.

Tiñamos unha eterna discusión sempre sen resolver, cando chegados ao tema do sentimento “nacionalista”, co que algunha xente nos definimos, el amosaba moita cautela polas connotacións arrepiantes da memoria que o



Díaz Pardo e Mimina

levaban aos “nacionais” verdugos e nesa sonoridade tan equidistante, a salvo en dúas sílabas, perfilabamos temores e sobrenomes. De aí que me proclamase sarcasticamente “iluso soberanista”, mentres descansaba definíndose a si mesmo un “libertario” espiñento e quizais “mordaz conservacionista”. O tema sempre acababa en táboas. Coa impresión de ser un par de tolos á deriva.

Memoria agradecida para el e para todas as persoas que coma el, fixeron medrar a esperanza e este sentimento tan feliz de amor polo Noso, que é Noso e un día será enteiramente Noso.

Isaac agachábase oportunamente para escapar do plano principal, do aplauso.

Edita: Asociación A. IRIMIA - Dende setembro de 1981

Mesa de redacción: Daniel López Munoz, Luís Gómez Aldegunde, Pedro Pedrouzo Devesa, Rubén Rivas Vidal, Lidia Campos Chan, Lines Salgado Iglesias, José Antonio Martínez. Tif. 986 10 49 45.

Colaboradores: Victorino Pérez Prieto, Manolo Regal, Alfonso Blanco Torrado, Xosé Lois Vilariño, Marta Sopeña, Tareixa Ledo Regal, Clodio González Pérez, Xabier Blanco, Valentina Formoso Gosende, Antonio Pinto Antón, Carmen Soto, Rubén Aramburu Molet, Marisa Vidal, Xan Guillén, Christina Moreira, Carlos Vázquez G., Teresa Souto Loira, Josecho de la Torre Culler, Lucía Santiago Díaz, Baldomero Iglesias Dobarrio (Mero), Lois Ferradás, Xaquín Campo Freire, Nieves Espiñeira Medin, Francisco Almuíña, Alfonso Mascuñana, Antón Laxe, Ramón Díaz Raña, Olga Álvarez, Engracia Vidal Estévez, Manuel Arca e J.M. Barca López.

Corrección lingüística: Lidia Campos Chan, Luís Aldegunde.

Recepción de artigos e colaboracións en: revistairimia@asociacion-irimia.org

Subscricións: Apdo. 296 – 15704 Santiago de Compostela.

Tel.: 615 464 095 / subscricions@asociacion-irimia.org

Ordinaria: 30 Euros, de Apoio: 45 Euros. Cota de socio: 3 Euros.

Para asuntos da asociación non relacionados coa revista:

asociacion-irimia@asociacion-irimia.org

Conta: ABANCA ES63 2080 0349 8530 4000 5822

- Urbana, nº 8 - Santiago

Depósito Legal: C-1417-81

Tirada: 650 exemplares

Deseño e maquetación: TallerDD (Riveiro)

ISSN: 2172-9182

Imprime: TÓRCULO Artes Gráficas

Distribúe: IMPACTA

Edición electrónica: <http://irimia.gal>

Feito en papel reciclado



Actividade subvencionada pola



Deputación DA CORUÑA

“Moitos profetas e reis desexaron ver o que vós vedes e non o viron, oír o que vos oídes e non o oíron” (Lc 10, 24)

O evanxeo destas semanas repasa o seguimento de Xesús con parábolas que nos falan de xenerosidade, de non desprezar ningunha man que se achegue para traballar polo Reino, de buscar novas formas de anunciar e novos destinatarios na mensaxe,... Algo diso se viu este ano na celebración dos Rumores de Romaxe. Irimia demostrou ser valente ao asumir o novo reto e propoñer mudanzas que fixeran chegar o noso rumor a espazos novos. Veñen tempos recios, xa están aquí, e fai falla saír dos vellos camiños, agora cegados, e percorrer vieiros novos, sen medo maila o cansanzo.

É tempo de buscar onde fumegan as brasas e alimentalas. “A forza do noso amor non pode ser inútil”, dicía Uxío Novoneira. “Eu tamén navegar” retrúcalle Xohana Torres. Pois é tempo de deixar de ser Penélopes á espreita e subir á gamela: aproar o futuro e mostrar o noso amor pola terra e a xente aportando nova esperanza. Volver á casa, á comunidade pequena, para non perder o que temos, para afondar no que somos, para coller pulo para o futuro, porque ceo e terra (e pandemia) pasarán, máis a Palabra non pasará.



Irimia demostrou ser valente ao asumir o novo reto e propoñer mudanzas que fixeran chegar o noso rumor a espazos novos

Falando da lingua

Lidia e Valentina

Unha reviravolta!

Échevos ben estraño... Chega a hora da revista do mes de setembro e ao longo da nosa historia nesta contraportada en todos os números de despois da Romaxe sempre aproveitabamos para dar unha volta pola riqueza dialectolóxica da nosa terra e repasar a fala do lugar que nos acollera para celebrar a Romaxe... Desta *volta* non vai poder ser porque cada un celebrou os Rumores de Romaxe na súa casa. Se por ben é, *á volta* dun ano habemos retomar a nosa vella tradición.

E mentres andabamos *ás voltas* con isto, veunos á cabeza que podíamos darlle unha volta xustamente a este substantivo feminino, que voltas ten unha chea delas, tantas que xa puxemos catro en cadansúa liña. Pero imos con máis porque... a quen non lle deu unha volta dalgunha volta? Deuche unha volta se te encontraches mal de saúde. Pode ser unha doenza concreta (darlle unha volta á barriga) ou xenérica e ás veces indeterminada (deulle unha volta e caeu redondo). E isto puido pasarnos "dunha volta", é dicir, nalgunha ocasión, nun tempo pasado pero que non concretamos.

Pode que esteades a dar unha volta, un paseo, algo máis ca un garbeo, e que cheguedes ao voso destino ao pasar a volta, é dicir, ao pasar a curva, e que ese non sexa o camiño habitual para chegardes porque nesta ocasión vindes pola volta, e incluso que por ese camiño deades máis volta, é dicir, que non é o camiño máis curto, que estades a dar un rodeo, e cando cheguedes de volta á casa diranvos que para onde ides non tendes volta, que sodes bos para ir buscar a morte!

E con tanta volta e reviravolta por toda a volta, por todo o contorno, quizás non tivestes tempo de deixar amañado todo o que tiñades que amañar, entón á volta, ao voso regreso, podeades rematalo, quizás lle teñades que dar unha volta a un parafuso ou a unha manivela para poñer a maquinaria en marcha.

Estamos a voltas con tanta volta e hai tres que non lles damos traza a encaixar, pero a estas alturas do artigo xa non ten volta atrás. Falamos da volta que nos dan cando pagamos e sobran cartos, da volta que se lle dá ao xersei para viralo porque o iamos poñer e está do revés e mais da volta de campá que pode dar un coche se ten un accidente e queda coas rodas para riba.

Marchamos. Ata a volta!



O fachineiro do réxime

Sentidiño



Derrotada, e case humillada, a oposición política, o Partido Popular alcanzou os seus últimos obxectivos electorais. Cando o noso amado líder remate esta lexislatura haberá novos votantes que nunca viran outra cara nun cartel do PP. Tamén haberá galegos e galegas que se achegarán ao medio da súa vida sen cambiar de partido no goberno. Hai moquetas en san Caetano que nunca coñeceron máis zapatos que os populares. Algúns gozarán desa condición do partido único tamén no seu concello e na súa deputación. Resulta curioso que os medios non se lanzaran xa, en boa lóxica, a falar do "réxime", tal como facían ata hai pouco co PSOE andaluz

despois de tantos anos sen alternancia. Tampouco nunca oíu este fachineiro falar do réxime de Castela-León. Entre os nosos moitos problemas está un que moi retranqueiramente debuxaba hai pouco o xornalista Xosé Manuel Pereiro: en Galicia hai medios públicos e privados concertados con diñeiro público. Algúns non sobrevivirían sen os cartos insuflados por campañas coma a do sentidiño. Xa lle resulta a este fachineiro máis repelente que o resistiré.

A.Q.